

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda (EU-ANOVA)**, por medio da súa deputada **Eva Solla Fernández** e dos deputados **Xabier Ron Fernández, Juan Manuel Fajardo Recouso Xosé Manuel Beiras Torrado, Antón Sánchez García e Ramón Vázquez Díaz**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei para o sei debate en Pleno**, sobre a sinistralidade laboral en Galicia.

Exposición de motivos

Os datos do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), a altura de novembro do 2015, son definitorios da consolidación dunha tendencia ao aumento da sinistralidade laboral. Entre xaneiro e novembro do 2015 morreron 60 persoas traballadoras no noso país, cando no exercicio do 2014 faleceran 59. Dende 2009 e ate novembro do 2015, o infausto mandato Núñez Feijóo cobrouse a vida de 444 traballadores e traballadoras en razón do seu traballo e ocorreron case tres mil accidentes de gravidade. Como pode ser que non cause escándalo semellante regueiro de sangue a causa de tentar gañarse a vida no seu posto de traballo.

Lonxe de atallar unha dinámica sempre intolerable, o goberno galego descoidou esta problemática que creceu incluso neste tempo de crise-estafa. Os recortes nas partidas orzamentarias revelan a posición de clase do PP, bonificando ao empresariado e restando recursos as actuacións de prevención de riscos laborais, todo elo no marco de supresión de dereitos laborais decretado na contrarreforma laboral do 2012.

As partidas orzamentarias do ISSGA non atenderon á relevancia desta problemática e foron minguando de maneira significativa:

- As transferencias correntes ao ISSGA caeron de case 6,5 millóns de euros a 5,6 millóns.
- Desapareceu a partida de algo máis de dous millóns de euros para os plans de prevención nos sectores produtivos de alto risco.
- Desapareceu a formación en materia de seguridade e saúde laboral, que no orzamento do 2009 supuña máis de 700.000 euros.
- Suprimiuse a partida de case dous centos mil euros para investimentos derivados da devandita lei de prevención de riscos laborais.
- Morreron as transferencias de capital que por importe de 4,2 millóns de euros recibía o ISSGA no 2009.

En resumo, o programa 324 B, referido á mellora dos sistemas de saúde e seguridade no traballo importa na actualidade 4,2 millóns de euros cando no orzamento do 2009 chegaba a case 16 millóns de euros.

Xunto a este desleixo da Xunta hai que engadirlle ao do goberno central. A ráte de membros do corpo de inspectores de traballo por persoas traballadoras sitúase na UE en 1/10.000, cando no noso país case se duplica. Inspectores de traballo postos en entredito pola orientación recollida no informe CORA, que apostaba pola subinspección.

Outro apartado significativo é o atinxente á sinistralidade laboral cuxos custos para a nosa sociedade (xornadas de traballo perdidas, así como o custo recoñecido para o sistema da Seguridade Social) pódense estimar en preto de 900 millóns de euros.

Polo sinalado, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a incrementar as partidas orzamentarias dedicadas á prevención de riscos laborais para devolvelas alomenos as contías do exercicio 2009.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a reclamar do goberno central que aumente de maneira sostida o número de inspectores e inspectoras de traballo para adecualo á ráteco da UE.

En Compostela, a 28 de xaneiro do 2016.

Asdo. Eva Solla Fernández

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Xosé Manuel Beiras Torrado

Asdo. Antón Sánchez García

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 28/01/2016 14:04:13

Jose Javier Ron Fernandez na data 28/01/2016 14:04:19

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 28/01/2016 14:04:23

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 28/01/2016 14:04:27

Anton Sánchez García na data 28/01/2016 14:04:29

Ramón Vázquez Díaz na data 28/01/2016 14:04:31